

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 21 DE ABRIL DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, da Xunta de Galicia, e o Concello de Sober para a realización das obras de mellora das instalacións da piscina municipal, cun investimento de cento sesenta e catro mil seiscentos sesenta e dous euros con dezasete céntimos (164.662,17 €), IVE incluído.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación á realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida co límite de que a suma dos pagamentos á conta e os anticipos non poderá ser superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, e a eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados e á conta establecidos na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, por importe de seis millóns douscentos mil euros (6.200.000,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello da Coruña, para o mantemento do Centro de Acollida para a Atención a Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero dependente do Concello. Importe: cento corenta e nove mil oitocentos cincuenta euros (149.850,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Ferrol, para o mantemento do Centro de Acollida para a Atención a Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero dependente do Concello. Importe: cento corenta e nove mil oitocentos cincuenta euros (149.850,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a exención da obriga de constituír garantías nos pagamentos á conta na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas para a promoción de vivenda accesible na Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria, con financiamento plurianual, para o ano 2025, por un importe de nove millóns cincocentos corenta mil euros (9.540.000 €).
- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se regula o Programa de oferta de solo de titularidade das entidades locais para a construción de vivenda protexida e se dá publicidade ao convenio para asinar entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e as entidades locais.
- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Publica de Galicia, S.A., dos contratos de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 71 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na Estrada, Lalín e Teo, cun importe de licitación de seiscentos sesenta e catro mil cincocentos corenta e nove euros con corenta e un céntimos (664.549,41 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba o Plan de cirurxía menor en Atención Primaria 2025-2029.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual e o establecemento de pagamentos á conta en porcentaxe superior á prevista no artigo 62.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación coa Orde pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos leitorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2025, por un importe de douscentos oitenta e tres mil trescentos noventa e catro con dezaseis céntimos (283.394,16€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade COGAMI para a realización do proxecto EN-RED-ARTE por un importe total de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural, a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, a Mancomunidade de municipios da comarca de Verín, a Mancomunidade de municipios da comarca do Carballiño e a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria da Terra de Celanova, para a concesión dunha axuda en especie consistente na entrega de catro (4) máquinas hidrostáticas destinadas á prevención e á extinción de incendios, por un importe total dun millón trescentos catro mil seiscentos sesenta e seis euros con trinta e seis céntimos (1.304.666, 36 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da implementación dunha plataforma web de visualización da densidade larvaria de moluscos (proxecto APROMEX).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a concesión das axudas a entidades locais de Galicia para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a mellora das compensacións ás familias acolledoras do sistema de protección da infancia en Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a creación dun laboratorio e centro demostrador en ciberseguridade no Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia en San Cibrao das Viñas.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación dos contratos de inspección, redacción de proxectos e execución de actuacións de conservación en obras de paso e estruturas da Rede Autonómica de Estradas, por un inporte total de trece millóns cento corenta e tres mil catro centos tres euros e noventa e seis centimos (13.143.403,96 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o resultado da última campaña de vacinación fronte á gripe e á Covid.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a execución do Plan de equipamento do Hospital Novo Montecelo.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre o Programa de axudas 2025 para o fomento do emprego no medio rural: APROL RURAL.
- Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2026.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a orde pola que se modifica o anexo I do Decreto 174/2019, do 19 de decembro, e se aproban diversas normas técnicas da artesanía alimentaria.
- Informe sobre a modificación da Orde do 25 de febreiro de 2025 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.
- Informe sobre a publicación da aprobación do polígono e da concorrencia competitiva do polígono agroforestal de Cualedro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE SOBER NAS OBRAS DE MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL

O Consello da Xunta autoriza o convenio a través do que a Xunta achega máis de 131.700 euros, o que supón o 80 % do investimento total

O Consello da Xunta autorizou o convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Sober para levar a cabo obras de mellora das instalacións da piscina municipal, cun investimento de máis de 164.600 euros, dos que o Goberno galego achega máis de 131.700 euros, o que supón o 80 % do total. Desta contía, 100.000 euros corresponden á este ano e os 31.729 euros restantes á anualidade de 2026.

A Xunta apoia así o municipio de Sober no seu programa de mellora das instalacións municipais, neste caso as da piscina municipal, que, actualmente conta cunha piscina grande, outra máis pequena e unha infantil. Con estas obras preténdese ofrecer unhas mellores condicións ás persoas usuarias e aumentar a oferta de servizos. Os traballos consideran a construción dunha piscina interactiva infantil de maior tamaño á actual á que substituirá. Tamén se construírá unha beirarrúa perimetral á nova piscina, unha pista de vólei praia e un pozo de rega. Ademais, substituiranse os cloradores das piscinas por uns semiautomáticos e colocaranse parasois de breixo.

O Goberno galego colabora nestes traballos co obxectivo de potenciar o deporte base, tendo en conta que o apoio da Administración autonómica a iniciativas deste tipo nos concellos da comunidade permite executar obras que beneficien o conxunto da cidadanía no que se refire á práctica deportiva.

Cómpre lembrar que, no marco do compromiso da Xunta coa dotación de instalacións que permitan adestrar e competir en condicións idóneas aos deportistas desde a base á elite, a Xunta investiu só o ano pasado máis de 22 millóns de euros en case 400 proxectos, tanto a través de axudas da Secretaría Xeral para o Deporte como do fondo adicional do Fondo de Cooperación Local.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 6,2 M€ AOS CENTROS TECNOLÓXICOS GALEGOS PARA APOIAR A SÚA ACTIVIDADE E IMPULSAR A TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO AO TECIDO PRODUTIVO

- Esta convocatoria plurianual enmárcase no paquete de axudas de 52M€ da Consellería de Ciencia en materia de colaboracións estratéxicas e valorización dos resultados
- O Goberno galego, que lanzará esta liña de axudas en maio, busca un verdadeiro impacto na competitividade das empresas galegas
- É unha das medidas do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, a folla de ruta que se vai seguir para posicionar Galicia como referente nestes ámbitos

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao lanzamento dunha convocatoria plurianual destinada aos centros tecnolóxicos galegos para que poidan desenvolver a súa actividade con financiamento suficiente. Trátase dunha medida enmarcada no paquete de 52M€ dirixido á colaboración estratéxica e á transferencia de coñecemento para impulsar a I+D+i galega anunciado este mesmo mes no propio Consello. Esta convocatoria estará dotada con 6,2M€ e distribuírse en dúas anualidades durante 2025 e 2026.

Estas subvencións para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos da nosa Comunidade lanzaranse ao longo do mes de maio e poderán ser beneficiarias delas os nove centros tecnolóxicos e de apoio á innovación: o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), a Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste (AIMEN), o Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sustentabilidade Enerxética (Energylab), a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas, Pescados e Mariscos (Anfacó-Cecopesca), a Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient), o Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (CETIM), a Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), o Clúster de Acuicultura de Galicia (CETGA) e o Centro Galego de Investigación da Auga (Cetaqua).

Con esta convocatoria, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP busca incentivar a transferencia de resultados de investigación, coñecemento e capacidades tecnolóxicas destes centros ao mercado para acadar un verdadeiro impacto na competitividade das empresas galegas e mellorar, así, o benestar da cidadanía. Para iso, con esta liña de axudas impúlsase a captación de talento, a consolidación de persoal investigador, o reforzo do papel tractor dos centros de coñecemento da I+D+i, a interacción entre os distintos axentes e a orientación da súa actividade cara ao mercado.

Para acceder a este financiamento, os centros tecnolóxicos deben cumprir unha serie de requisitos baseados en indicadores de actividade, nos que se amose a súa capacidade para transferir resultados á empresas e, desta maneira, a súa contribución na competitividade e crecemento da economía galega. Os conceptos subvencionables son o custo de persoal investigador ou de apoio, material bibliográfico, material funxible, custos de formación do persoal do centro e outros gastos ata un máximo do 10 % da axuda concedida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Case 40M€ en apoio basal aos centros tecnolóxicos

O Goberno galego leva apoiado os centros tecnolóxicos con preto de 40M€ a través desta liña de axudas, co fin de fortalecer a capacidade da I+D+i galega mellorando a transferencia de resultados da investigación ao mercado, o que reforza liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico-técnica e a posta en valor do coñecemento. Deste xeito, estas actuacións contribuíron á captación e retención de talento e ao mantemento de postos de traballo cualificados nos últimos 10 anos.

Enmarcadas no Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, a folla de ruta que se vai seguir para posicionar Galicia como referente nestes ámbitos, a Xunta de Galicia apoia os centros tecnolóxicos con achegas para fortalecer as súas capacidades con investimentos en infraestruturas e equipamento, á que xa se destinaron 17,2M€. O Goberno autonómico tamén ten posto en marcha outros programas de apoio dos que se están a beneficiar estes centros tecnolóxicos, como son o programa de Unidades Mixtas de Investigación, Ignicia, Doutoramentos industriais, VInnovate, Nexos ou Misiós.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA BLINDA CON PRETO DE 300.000 € O MANTEMENTO DOS CENTROS DE ACOLLIDA PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DA CORUÑA E FERROL

Este investimento dá continuidade a dous recursos que nos últimos doce anos permitiron acoller 976 vítimas e os seus fillos e fillas entre as dúas cidades

O Consello da Xunta autorizou hoxe dous convenios de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e os concellos da Coruña e Ferrol para o mantemento dos centros de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas. En total, a Xunta destina para estes dous convenios preto de 300.000 euros, case 150.000€ para cada unha das cidades.

O obxectivo dos convenios é garantir un aloxamento seguro e comfortable para as mulleres vítimas ás que se presta atención nestes recursos que forman parte da Rede galega de acollemento. Grazas a este investimento prevese poder atender máis de 100 mulleres vítimas e os seus fillos e fillas en cada un dos centros. Ademais, con estes novos convenios blíndase a prestación deste servizo durante os próximos tres anos, xa que é a primeira vez que se asina este acordo de xeito plurianual.

Este investimento dá continuidade a dous recursos que nos últimos doce anos (desde 2013) permitiron acoller 976 vítimas entre as dúas cidades, concretamente 589 no centro de acollida da Coruña e un total de 387 no de Ferrol

Estes convenios de colaboración forman parte dos investimentos que destina a Xunta para mellorar a Rede galega de acollemento, que está composta actualmente por sete recursos repartidos por toda Galicia (A Coruña, Ferrol, Lugo, Vigo, Ourense, Burela e Chantada). A rede complétase co Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI), dependente da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, que actúa como centro coordinador.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 9,5 M€ Á NOVA CONVOCATORIA DAS AXUDAS A PROMOTORES PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS PROTEXIDAS EN ALUGUEIRO E EN VENDA

- Trátase de incentivar os promotores públicos e privados á construción de inmobles que reforcen o parque público residencial a prezo accesible
- Destinase 4,9 M€ de fondos propios da Xunta á promoción de vivendas protexidas de nova construción ou procedentes de rehabilitación dirixidas á compravenda
- Consígnanse 4,64M€ á terceira convocatoria das axudas dirixidas a promotores de vivendas e outras modalidades residenciais tipo *cohousing*, interxeneracionais ou similares de nova construción ou procedentes da rehabilitación
- A Xunta publicará antes de rematar este mes a convocatoria destas liñas de axudas, que estará aberta unha vez transcorridos cinco días hábiles desde o seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 30 de setembro deste ano

A Xunta vai a destinar 9.540.000 euros á promoción da construción de vivendas na comunidade autónoma, co obxectivo de incentivar os promotores públicos e privados a construír inmobles que contribúan a reforzar o parque público residencial de prezo accesible, tanto para alugueiro, como para a compravenda.

O Executivo autonómico lanzará este mes de abril a nova edición, a terceira, da liña de axudas para a promoción de vivendas para alugueiro, aloxamentos temporais, e outras modalidades residenciais tipo *covivenda (cohousing)*, vivendas interxeneracionais e modalidades similares de nova construción ou procedentes da rehabilitación.

A estes incentivos sumarase na mesma convocatoria, e con fondos propios da Xunta, a liña de axudas de promoción de vivendas protexidas de nova construción ou procedentes de rehabilitación, que nesta a súa segunda convocatoria se propón destinar á venda.

En ambas as modalidades, poderán ser beneficiarios destas axudas aquelas empresas que teñan no seu obxecto social a promoción de vivendas de nova construción ou procedentes da rehabilitación e as cooperativas de vivendas en réxime de autopromoción ou autoconstrución, que cumpran os requisitos previstos nas bases reguladoras.

Así, o Goberno galego destinará un orzamento autonómico de 4.900.000 ao programa dirixido á promoción de vivendas protexidas de nova construción ou procedentes da rehabilitación, cuxo prezo máximo de adquisición da vivenda será o previsto na cualificación definitiva.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, na mesma convocatoria, a Xunta reserva 4.640.000 euros, con fondos finalistas do Estado, ás axudas á promoción de vivendas e outras modalidades residenciais tipo *cohousing*, vivendas interxeneracionais ou similares, de nova construción ou procedentes da rehabilitación, que se vaian destinar ao alugueiro ou ceder en uso por un prazo de, polo menos, 20 anos.

Ata 50.000 euros de axuda por vivenda para alugueiro e 10.000 euros para venda

A contía máxima da axuda determinarase en función da modalidade da axuda que se solicite. No caso da modalidade de promoción de vivendas para alugueiro, a contía máxima da subvención non poderá superar o 50 % do investimento da actuación, cun límite máximo de 50.000 euros por vivenda.

Na modalidade de promoción de vivendas protexidas dirixida á compravenda, a contía máxima desta subvención non poderá superar o límite máximo de 10.000 euros por inmoble.

As obras deberán realizarse no prazo máximo de 36 meses desde a data de notificación da concesión da axuda. Non obstante, o citado prazo estenderse a 38 meses cando se trate de promocións de máis de cincuenta aloxamentos ou vivendas. Cando se trate de actuacións de rehabilitación, os prazos serán de 30 meses e 32 meses, respectivamente.

O prazo de presentación de solicitudes comezará a contarse unha vez transcorridos cinco días hábiles desde o seguinte ao da publicación da resolución desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de setembro de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ COS CONCELLOS E AS DEPUTACIÓNS NA ADXUDICACIÓN DE PARCELAS A PROMOTORES E COOPERATIVAS PARA CONSTRUIR VIVENDAS PROTEXIDAS

- O Goberno galego pon á disposición das administracións locais as ferramentas necesarias para a tramitación dos expedientes de adxudicación de parcelas de titularidade local para vivendas de protección autonómica
- Esta nova iniciativa da Xunta trata de axilizar a construción de vivenda protexida na comunidade, tanto en réxime de venda como en alugueiro
- Ademais, permitirá facilitar a información aos promotores, cooperativas e á cidadanía, en xeral, sobre as parcelas dispoñibles en cada municipio para a construción de vivenda protexida
- As entidades interesadas no programa deberán asinar un convenio coa Xunta, que aplicará para a adxudicación dos contratos os mesmos criterios dos concursos públicos tramitados para a adxudicación de parcelas de titularidade autonómica
- Esta resolución asinarase nos vindeiros días e o prazo para solicitar a sinatura do convenio de colaboración co IGVS permanecerá aberto indefinidamente, para facilitar a incorporación de parcelas

A Xunta colaborará cos concellos e as deputacións provinciais na adxudicación de parcelas de titularidade destas entidades a promotores e cooperativas para a construción de vivendas protexidas na comunidade.

O Executivo autonómico tomou hoxe razón da resolución da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, que, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), propón a colaboración coas administracións locais e provinciais na tramitación dos expedientes de adxudicación de parcelas de titularidade local, dirixidos á construción de vivendas de protección autonómica (VPA).

Trátase dunha nova iniciativa da Xunta que se pon á disposición das entidades locais que desexen adherirse a esta. O obxectivo do Goberno galego é favorecer a axilización da construción de vivenda protexida en parcela de titularidade das entidades locais, tanto en réxime de venda como en alugueiro.

Plataforma de Solos

Ademais, permitirá facilitar a información aos promotores, cooperativas e á cidadanía, en xeral, sobre as parcelas dispoñibles en cada municipio para a construción de vivenda protexida.

Así, as entidades que queiran participar no programa deberán asinar un convenio de colaboración a través do IGVS.

Unha vez asinado o acordo, os concellos e as deputacións poderán solicitar a incorporación ao programa das parcelas. Para iso, as parcelas han de ser de plena titularidade da entidade e cumprir tanto as condicións exixidas na normativa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reguladora dos bens das entidades locais para proceder á súa adxudicación, como as establecidas no planeamento urbanístico do concello, para o seu destino a un uso residencial.

A incorporación das parcelas implicará o compromiso do IGVS e da entidade local interesada de tramitar a súa adxudicación.

A adxudicación das parcelas incorporadas ao programa realizarase mediante un concurso público en réxime de libre concorrència, que será tramitado polo IGVS en colaboración coa entidade local titular da parcela, segundo o estipulado no convenio.

A adxudicación das parcelas incorporadas ao programa poderá realizarse mediante compravenda ou mediante a constitución de dereitos de superficie.

As persoas adxudicatarias deberán destinar as parcelas á construción de vivenda de protección autonómica en réxime de venda ou alugueiro (no suposto de adxudicación mediante compravenda) ou unicamente en réxime de alugueiro (no caso de adxudicación mediante a constitución dun dereito de superficie). En ambos casos, as modalidades das vivendas poderán ser réxime xeral, especial ou concertado.

Esta resolución asinarase nos vindeiros días e o prazo para solicitar a sinatura do convenio de colaboración co IGVS permanecerá aberto indefinidamente, para facilitar a incorporación de parcelas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN POR 664.549 € DA REDACCIÓN DOS PROXECTOS PARA CONSTRUIR 71 VIVENDAS PÚBLICAS NOS CONCELLOS DE LALÍN, A ESTRADA E TEO

- A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) licitará os contratos da redacción de proxecto e dirección de obra para estas vivendas, que se construírán en tres parcelas cedidas por estes concellos
- No caso de Lalín construíranse 17 vivendas públicas, mentres que na Estrada o acordo permitirá promover 28 vpp e, en Teo, 26

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á licitación, por importe de 664.549€, da redacción dos proxectos básico e de execución e da dirección de obra para a construción de 71 vivendas de promoción pública en solos cedidos polos concellos de Lalín, A Estrada e Teo.

A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) licitará estes contratos nos vindeiros días e os técnicos ou empresas adxudicatarias terán un prazo de cinco meses para a elaboración dos proxectos.

En concreto, en Teo a Xunta construírá 26 vivendas nunha parcela na rúa Cernadelo, na zona das Galanas-Calo, que ten unha superficie de 1.985 metros cadrados. O orzamento de licitación para a elaboración deste proxecto ascende a 259.224€.

No concello da Estrada, a Administración autonómica creará 28 novas vivendas públicas nunha parcela de 1.451 metros cadrados, concretamente na avenida de Vigo, e o contrato para a redacción deste proxecto sairá a licitación por importe de 257.083€.

Ademais, en Lalín o Concello cedeu unha parcela na Rolda Leste-Agro de Lalín de Arriba, de 641 metros cadrados, na que se prevén crear 17 vivendas de promoción pública. A redacción do proxecto licitarase por un prezo de 148.241€.

O Goberno galego segue a dar pasos para duplicar nesta lexislatura o parque público residencial e acadar 4.000 novas vivendas. Neste momento, xa ten en marcha máis de 2.000 vivendas nas cidades de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Santiago, Ourense, Lugo ou Ferrol.

Ademais, a Xunta tamén ten en marcha a primeira fase da Estratexia Galega de Solo Residencial, coa que busca, en colaboración cos concellos, facilitar solo destinado á construción de 25.000 vivendas, 20.000 protexidas e 5.000 libres.

Na actualidade, a Xunta avanza na adxudicación da redacción dos Proxectos de Interese Autonómico (PIA) para desenvolver os primeiros ámbitos en sete concellos (Vigo, Pontevedra, A Coruña, Santiago, Arteixo, Lugo e Ourense) nos que se prevén máis de 15.000 vivendas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA PORÁ EN MARCHA ANTES DO VERÁN O PLAN DE CIRURXÍA MENOR EN ATENCIÓN PRIMARIA PARA REALIZAR OPERACIÓNS SINXELAS NOS CENTROS DE SAÚDE

- O obxectivo é “evitar desprazamentos” e que os pacientes poidan resolver os seus problemas sen ter que ir ao hospital e con todas as garantías
- Atenderanse patoloxías como furúnculos, verrugas, quistes epidérmicos ou feridas abertas sen complicación
- O Executivo galego inviste máis de 1,7 M€ no material necesario para desenvolver estas cirurxías e na formación de profesionais de medicina e enfermería de atención primaria
- O presidente salienta que os dous primeiros centros en poñer en marcha este plan “serán o Virxe Peregrina, en Pontevedra, e o Centro Integral de Saúde do barrio da Residencia de Lugo”
- O conselleiro de Sanidade destaca a aposta da Xunta por consolidar a atención primaria coma “eixo vertebrador” da asistencia e “reforzar a súa capacidade resolutiva”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe “o primeiro Plan de Cirurxía Menor en Atención Primaria” que permitirá “realizar operacións sinxelas nos centros de saúde antes deste verán”. O obxectivo é “evitar desprazamentos e hospitalizacións aos pacientes” e que poidan solucionar o problema sen acudir ao hospital no seu servizo de atención primaria con plenas garantías.

Este Plan vai dirixido a “cirurxías de curta duración e que precisan anestesia local” coma furúnculos, verrugas, quistes epidérmicos ou feridas abertas sen complicación.

Deste xeito, tal e como indicou o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, o Goberno galego demostra, unha vez máis, “a súa aposta por poñer á atención primaria como eixe vertebrador da asistencia sanitaria” e “reforzar a súa capacidade resolutiva”.

O Plan –“que busca normalizar e homoxeneizar estas prácticas nas sete áreas sanitarias”- recolle un investimento de 1.715.200 euros para a adquisición do material necesario para as cirurxías e para a formación dos profesionais de medicina e enfermería de atención primaria.

En concreto, este ano licitarase a compra de 300 lámpadas rodantes de luz fría por 1.050.000 euros. E está previsto adquirir 60 máis ata finalizar o plan, en 2029. O gasto neste equipamento chegará aos 1.260.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O orzamento das distintas anualidades do plan inclúe tamén 6.000 euros para a difusión e avaliación do plan; e 122.500 euros para a realización dun obradoiro de suturas e cirurxía menor destinado ao persoal dos centros de saúde.

A formación para médicos e persoal de enfermería de atención primaria, de carácter presencial e de 8 horas de duración, oriéntase á realización de suturas e procedementos de cirurxía menor, técnicas de anestesia local, identificación do instrumental cirúrxico que se empregará e aspectos médico-legais.

A este investimento hai que engadir preto de 400.000 euros xa destinados en 2024 á compra de 104 bisturís eléctricos para cirurxía menor, de 145 padiolas articuladas a 7 edicións do obradoiro de formación xa realizadas e á propia elaboración e proposta para levar a cabo o plan.

Así, o persoal capacitado ao efecto, que xa estivera realizando estas operacións ou que realice a formación específica, será o encargado de determinados procesos cirúrxicos das patoloxías establecidas. En particular o Plan de Cirurxía Menor atenderá infeccións da pel (furúnculos, molusco contagioso, verrugas ou papilomas); afeccións das uñas (unlleiros e paroniquias ou panadizo); lesións traumáticas (ferida cutánea e ferida aberta sen complicación, hematoma subungueal, onicocriptose e outras feridas non especificadas); reaccións a corpos estraños (granuloma por corpo estraño); e quistes (quiste epidérmico e quiste tricolémico).

Esta selección de patoloxías abarca procedementos cirúrxicos sinxelos e de curta duración, baixo anestesia local, que se poden realizar nos propios centros de saúde e sen complicacións posoperatorias esperables. Así, redúcese de xeito significativo a necesidade de derivacións hospitalarias e facilítaselle á cidadanía o acceso ao tratamento das ditas afeccións con menores desprazamentos.

Os protocolos e procedementos previstos para as necesidades de maiores de 16 anos con estas patoloxías foron elaborados por un grupo de traballo con enfoque multidisciplinar. Participaron de xeito activo no deseño do plan perfís da atención primaria (médicos de familia e persoal de enfermería) e da atención hospitalaria (dermatólogos, anatomopatólogos, cirurxiáns xerais e hematólogos).

Aposta pola atención primaria

Unha vez aprobado o Plan de Cirurxía Menor en Atención Primaria 2025-2029, Rueda explicou que "os primeiros centros sanitarios en poñer en marcha este plan", antes do verán, "serán o centro de saúde Virxe Peregrina, en Pontevedra, e o Centro Integral de saúde (CIS) do barrio da Residencia de Lugo".

O desenvolvemento deste plan incrementará a motivación dos profesionais, ao potenciar a súa capacidade resolutiva, reforzar a súa relación co paciente e diversificar a súa práctica diaria.

Tal e como se recollen nas metas da Estratexia Galega de Saúde 2030, a Xunta fomenta e fortalece a capacidade resolutiva e finalista da atención primaria, reducindo as

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

derivacións hospitalarias innecesarias, contribuíndo deste xeito a reducir as listas de espera.

Para a cidadanía, especialmente en zonas rurais e semirruais con maior dispersión poboacional, achégase unha cirurxía de calidade con estándares de seguridade e equidade.

Esta iniciativa encádrase en estratexias que, de forma coordinada, contribuirán á mellora continua da atención primaria e a súa capacidade de resolución.

Nesta mesma liña trabállase co Plan galego de atención domiciliaria en atención primaria 2024-2025, que conta con 35 equipos de enfermería a domicilio, ou os Plans locais de saúde, que promoven accións pensadas especificamente para a poboación de cada concello, barrio ou parroquias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA SEIS BOLSAS DE FORMACIÓN PARA ENSINAR GALEGO EN UNIVERSIDADES DE ESPAÑA, PORTUGAL, BRASIL E CROACIA

- O Consello dá luz verde á achega de preto de 300.000 euros para os leitorados de lingua, literatura e cultura galegas en Barcelona, Granada, Faro, Río de Janeiro e Zádár
- O acordo enmárcase no compromiso da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude por divulgar e promover o galego e tamén por facilitar a inserción laboral dos profesionais incorporándoos aos centros de estudos galegos de todo o mundo

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á convocatoria pública de seis bolsas de formación nos leitorados de lingua, literatura e cultura galegas en distintas universidades de España, Portugal, Brasil e Croacia cun investimento global próximo aos 300.000 euros. Trátase dun acordo enmarcado dentro do compromiso do Goberno autonómico por promover e divulgar a lingua galega fóra de Galicia e apoiar laboralmente os profesionais que se dediquen á docencia.

O programa de formación terá un marcado carácter práctico e durará tres anos. Estará integrado por actividades relacionadas coa docencia, a programación e organización de tarefas, a investigación, a difusión e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas. As persoas adxudicatarias desenvolverán estas actividades no marco do convenio asinado coas universidades de destino, que nesta convocatoria son a Universitat Autònoma de Barcelona, a Universitat de Barcelona, a Universidad de Granada, en España; a Universidade do Algarve, en Portugal; a Universidade do Estado do Río de Janeiro, en Brasil, e Sveučilište u Zadru, en Croacia.

Poderán participar as persoas que estean en posesión dalgunhas das titulacións de filoloxía galega e filoloxía románica, os graos en Lingua e Literatura Galegas, Estudos de Galego e Español, Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Filoloxía Aplicada Galega e Española e estudos Lingüísticos e Literarios en Galego e Portugués. Tamén se poderá presentar quen estea en posesión dalgunha das titulacións da área de Humanidades ou da área de Ciencias Sociais e Xurídicas ou os lectores que, antes de rematar o período máximo de estadía, se visen obrigados a cesar por causas alleas á súa vontade, sempre que esta circunstancia non derive na resolución dun procedemento de tipo disciplinario.

A convocatoria destas bolsas de formación enmárcase no compromiso da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude por difundir a lingua e literatura galegas no mundo a través de diferentes convenios fomentando a docencia en galego ao abeiro do Pacto pola lingua que inclúe 50 medidas de acción inmediata. Os últimos en ser aprobados polo Consello da Xunta foron con universidades de Madrid, Barcelona, París, Río de Janeiro, Salvador de Bahía, Roma e Zádár, cun investimento de máis de 300.000 euros.

Deste xeito, o Goberno autonómico promove unha oportunidade para que os profesionais da docencia se incorporen aos centros de estudos galegos e se poidan situar nunha mellor posición cara a unha futura inserción laboral. O programa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

complétase con actividades teórico-prácticas deseñadas pola Secretaría Xeral da Lingua para o colectivo de lectores de lingua e, con base nos convenios subscritos, facilítase a posibilidade de realizar ou completar estudos de posgrao nas diferentes universidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A SÚA COLABORACIÓN CON COGAMI PARA SEGUIR IMPULSANDO EXPERIENCIAS CULTURAIS

- O Consello da Xunta deu luz verde ao convenio entre o Goberno galego e a entidade para continuar a desenvolver o proxecto *En-Red-Arte*, que vai pola quinta edición
- O programa achega actividades relacionadas coa cultura ás persoas con diversidade funcional e fomenta os seus hábitos de asistencia a eventos neste eido
- Para lograr os seus obxectivos lévanse a cabo obradoiros de escritura creativa, creación artística e artes escénicas
- Con esta axuda de 25.000€ a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude segue a liña marcada pola Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia

A Xunta de Galicia e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade renovarán a súa colaboración para levar a cabo o proxecto *En-Red-Arte*, unha iniciativa que ten por obxecto facilitar a formación e o acceso á cultura das persoas con diversidade funcional. Así se acordou no Consello de hoxe, que lle deu luz verde á sinatura dun novo convenio ao que o Goberno galego destina 25.000€ para o desenvolvemento desta quinta edición da iniciativa.

Deste xeito, o Executivo autonómico afianza o seu compromiso un ano máis con este proxecto, que está en marcha desde o 2015 e se realiza de cada vez en dúas anualidades, dándolle continuidade ao traballo levado a cabo nos últimos anos nos que levan participado na iniciativa máis de 800 usuarios. Ademais, esta colaboración concorda coas liñas establecidas pola Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, impulsada pola Xunta e que ten como obxectivo achegar a cultura á sociedade eliminando todo tipo de barreiras, xa sexan físicas ou cognitivas, ou de calquera outra índole.

Neste sentido, o conxunto de propostas de *En-Red-Arte* está deseñado para proporcionarlles ás persoas con diversidade funcional a posibilidade de vivir experiencias culturais que teñan unha incidencia positiva na súa aprendizaxe e que lles permita desenvolver a súa curiosidade, a formación do gusto e o seu sentido estético e crítico. Ao mesmo tempo, preténdese incentivar o hábito de frecuentar actividades e eventos culturais, romper conceptos autolimitantes da actividade cultural e estimular a capacidade de superación persoal.

Para lograr estes obxectivos, nesta nova edición levaranse a cabo distintos obradoiros pensados para que os participantes acaden unha base de coñecementos na materia concreta e, a partir de aí, fomentar o seu espírito creativo e artístico en cada unha das disciplinas que se tratan, tendo en conta os gustos persoais de cada quen.

Actividades

O programa de actividades que se van desenvolver no marco deste novo convenio 2025-2026 inclúe unha variedade de propostas, que van desde as artes escénicas e a escritura creativa ata obradoiros de creación artística.

Así, as persoas participantes poderán experimentar con diferentes disciplinas como a comunicación e expresión das emocións cun obradoiro de linguaxe corporal ou coa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

retransmisión dunha obra teatral a través únicamente do son grazas ao teatro radiofónico.

Ademais, poderán crear e reflexionar expresando ideas e sentimentos coa palabra cunha proposta de elaboración de relatos guiados por unha persoa profesional. A isto engádenselle outras opcións que tratan de potenciar a creatividade, o espírito crítico e a toma de decisións con talleres de cerámica, talla de vidro, traballos con plantas e flores secas ou a experimentación coa arte da estampaxe con diferentes técnicas e materiais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CEDE CATRO MÁQUINAS HIDROSTÁTICAS POLIVALENTES A OUTRAS TANTAS MANCOMUNIDADES MUNICIPAIS DE OURENSE

- A Consellería do Medio Rural apoiará as mancomunidades de Ribeiro, Verín, O Carballiño e Terra de Celanova para afondar na prevención e extinción de lumes forestais nestes territorios
- Este convenio dáse ao abeiro da colaboración posta en marcha con estas mesmas mancomunidades para o desenvolvemento dun programa piloto no que se establecen 16 brigadas de prevención e extinción por un período de seis meses
- Ambas as iniciativas contextualízanse pola súa vez no protocolo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento de actuacións conxuntas dirixidas á conservación das infraestruturas preventivas

O Consello da Xunta avaliou hoxe un convenio entre a Consellería do Medio Rural e as mancomunidades de Ribeiro, Verín, O Carballiño e Terra de Celanova para a cesión de catro máquinas hidrostáticas polivalentes para a prevención e extinción de incendios forestais. Esta colaboración complementa o convenio posto en marcha con estas mesmas mancomunidades para o desenvolvemento dun programa piloto no que se establecen 16 brigadas de prevención e extinción por un período de seis meses, co obxectivo de mellorar a resposta destes territorios ante os lumes.

Ambas as iniciativas contextualízanse pola súa vez no protocolo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento de actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e á conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal para a prevención e defensa contra os incendios forestais.

Neste sentido, este é un novo paso para o desenvolvemento deste protocolo, que inclúe, como medida de apoio aos traballos de prevención e extinción de incendios que levarán a cabo as 16 brigadas das mancomunidades de municipios, a cesión de 4 máquinas hidrostáticas.

Estes vehículos foron deseñadas pola Dirección Xeral de Defensa do Monte e permiten realizar tanto traballos preventivos de roza, ao incorporar un brazo lateral con disco de corte, como de extinción, xa que dispoñen de espazo para depósito de auga con lanza e enganches para mangueras, así como soprador de aire para limpeza de calzadas e gabias.

Convenio de colaboración na Deputación de Ourense

O protocolo coa Deputación de Ourense conta cun orzamento de 4,1 millóns de euros para esta anualidade e, ademais da constitución das brigadas e da cesión das máquinas, inclúe tamén a adquisición de ata 12 tractores con rozadoiras, maquinaria motoniveladora e incluso a cesión, por parte da Deputación, de maquinaria da súa titularidade aos concellos para a realización de tarefas preventivas. Asemade, darase

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

formación especializada ao persoal municipal e ás mancomunidades a través do Centro Integral de Loita contra o Lume de Toén.

A dita colaboración baséase no feito de que as entidades locais teñen atribuídas competencias en materia de protección do ambiente, protección civil, prevención e extinción de incendios e conservación de camiños e vías rurais, segundo o disposto nas leis de administración local de Galicia e reguladora das bases de réxime local. Así, de acordo co previsto nesta última, correspóndelle á provincia asegurar a prestación integral e adecuada, na totalidade do territorio provincial, dos servizos de competencia municipal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESENVOLVE UN VISOR WEB DE DENSIDADE LARVARIA DE BIVALVOS NA COSTA GALEGA DA MAN DO CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR NO MARCO DO PROXECTO APROMEX

- Esta ferramenta mellora a accesibilidade aos datos e facilita a interpretación e consulta mediante paneis interactivos, así como visualizar a posición das estacións de mostraxe e a súa evolución temporal
- No ano 2023 púxose en marcha un estudo de identificación e marcaxe selectiva de larvas de mexillón mediante anticorpos monoclonais da man do centro de investigación Cinbio da Universidade de Vigo, o CIMA e o Intecmar
- A Consellería do Mar inviste no impulso de diferentes iniciativas para garantir a sustentabilidade e o desenvolvemento deste recurso acuícola estratéxico máis de 1,2 millóns de euros no período 2024-2026

Hoxe a Consellería do Mar deu conta no Consello da Xunta do desenvolvemento dun visor web de densidade larvaria de mexilla, un recurso mariño estratéxico para o sector acuícola da comunidade, no marco do proxecto Apromex, que está cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa). Así, o Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar), dependente deste departamento autonómico, puxo en marcha unha plataforma web que permite visualizar mediante paneis interactivos os datos de análise larvaria de moluscos, destacando as larvas de mexillón, que son actualizados semanalmente.

Esta ferramenta mellora a accesibilidade a estes datos e facilita a súa interpretación e consulta ofrecendo información de interese como a posición das estacións de mostraxe e permite coñecer a súa evolución temporal para os anos 2023, 2024 e 2025. Tamén inclúe un esquema do ciclo larvario do mexillón, así como comentarios da evolución observada recentemente en cada estación, entre outras observacións. Estes aspectos e o funcionamento deste instrumento están sendo presentados ao sector no marco das xornadas do proxecto Capacitamex, a través do Cetmar, xunto con outros avances e traballos de investigación de interese para o sector.

Esta acción vai en liña con outros traballos anteriores. Xa no período 2009-2011 o Cetmar, por encarga da Consellería do Mar, publicou na web do Intecmar informes semanais sobre a abundancia de larvas de mexillón nas rías galegas co obxectivo de mostrar patróns temporais e espaciais. Tamén no ano 2023, se puxo en marcha un estudo de indentificación e marcaxe selectiva de larvas deste molusco mediante anticorpos monoclonais da man do centro de investigación Cinbio da Universidade de Vigo, o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) e o Intecmar.

Máis actuacións

O proxecto Apromex, ademais de abordar a análise das poboacións de larvas de bivalvo no intermareal rochoso e a súa explotación no litoral da comunidade, tamén aborda a avaliación de novos sistemas de captación de semente en estruturas tipo *long-line* para

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a provisión de mexilla ao sector e contribuír á sustentabilidade do cultivo de mexillón, un produto esencial para a acuicultura galega. Trasladar ao sector e outros colectivos interesados os resultados logrados e outro dos ámbitos de traballo. A Consellería do Mar inviste no impulso de diferentes iniciativas para garantir a sustentabilidade e o desenvolvemento deste recurso acuícola estratéxico máis de 1,2 millóns de euros no período 2024-2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON 2 M€ OS PROXECTOS DE 35 CONCELLOS GALEGOS PARA IMPULSAR ESPAZOS VERDES COS QUE FACER FRONTE AO CAMBIO CLIMÁTICO

- As achegas do Executivo galego permitirán que as entidades locais desenvolvan un total de 42 iniciativas de impulso de refuxios climáticos urbanos, o aumento da biodiversidade e a mellora das infraestruturas verdes e fluviais
- 19 son intervencións en espazos públicos para mitigar o efecto illa de calor creando zonas de sombra naturais ou microclimas co uso de láminas de auga; oito céntranse na instalación de xardíns verticais, tellados verdes e restaurar zonas húmidas; e 15 en mellorar tanto treitos de río como as conexións das áreas urbanas e periurbanas
- Estas medidas súmanse a outras como o proxecto piloto que se vai desenvolver na cidade de Ourense para crear un refuxio climático co fin de poder replicalo noutras urbes e avanzar así no obxectivo galego de acadar a neutralidade climática en 2040

A Xunta aprobou a concesión de 42 axudas por importe global de 2 millóns de euros a outros tantos proxectos presentados por 35 concellos galegos co fin de impulsar os espazos verdes no seu territorio -en áreas urbanas e periurbanas- e facer fronte así aos efectos do cambio climático. Estas iniciativas, nas que o Executivo galego achega ata o 80 % do importe subvencionable e un máximo de 60.000 euros por proxecto, mobilizarán un investimento total de máis de 2,5 millóns de euros.

O Consello da Xunta avaliou hoxe a boa acollida que tiveron estas achegas, pioneiras na comunidade, entre as entidades locais pois o orzamento requirido polos municipios nas solicitudes presentadas -un total de 136- case cuaduplicou os fondos dispoñibles, achegándose aos 8 millóns de euros.

O espírito destes apoios parte da idea de que os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, son un actor clave desde o punto de vista da acción climática xa que os seus esforzos e logros na escala local teñen efectos moi positivos tamén a nivel global. De feito, con eles refórzase a colaboración coas entidades locais para fomentar iniciativas que contribúan ao desenvolvemento das infraestruturas verdes e á conectividade dos espazos naturais periurbanos.

O obxectivo destas achegas, divididas en tres tipos de actuacións diferentes, é incrementar a biodiversidade destas zonas, avanzar na súa conservación, favorecer a adaptación ao cambio climático, mellorar a calidade ambiental e crear espazos máis saudables nas áreas urbanas e periurbanas.

De feito, un total de 19 proxectos -que suman un importe de axuda de máis de 837.000 euros- teñen como obxectivo intervir en espazos públicos para atenuar o chamado efecto illa de calor, que fai que en zonas das cidades e contornas urbanas a temperatura sexa máis alta que nas rurais máis próximas debido a unha combinación de factores relacionados coas propias infraestruturas e a actividade humana e industrial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dentro deste grupo están as iniciativas municipais de sombreado natural en rúas e prazas mediante a plantación de árbores autóctonas, intervencións para reducir a impermeabilidade do solo para aumentar a súa capacidade de drenaxe ou a creación de microclimas co recurso a láminas de auga, espazos que contribúen a reducir a temperatura e a combater o efecto illa de calor.

Co segundo tipo de actuacións, con oito proxectos aprobados e unha axuda global de preto de 385.000 euros, preténdese incrementar a biodiversidade urbana e as zonas verdes a través de, por exemplo, a implantación de xardíns verticais e cubertas ou tellados verdes en infraestruturas e edificacións públicas, así como a restauración de zonas húmidas que albergan unha gran variedade de especies.

Mentres, a terceira modalidade conta con 15 iniciativas, que suman unha achega total de máis de 777.000 euros, coas que impulsar as infraestruturas verdes (sendas, parques etc) e azuis (ríos) das zonas urbanas. De feito, os apoios van dirixidos a accións para recuperar treitos urbanos fluviais deteriorados ou para mellorar a conexión entre o medio urbano e periurbano mediante, por exemplo, sendas verdes.

Repartición provincial

Por provincias, a que conta cun maior número de proxectos é Ourense, con 14 dun total de 11 concellos e un importe de axuda global de preto de 730.000 euros, seguido da Coruña, con 13 iniciativas de 11 concellos que suman arredor de 630.000 euros. A continuación está Pontevedra, con oito proxectos de sete municipios cunha achega total de máis de 312.000 euros, e, por último, Lugo con sete solicitudes aprobadas de seis concellos cun apoio da Xunta que rolda os 330.000 euros.

O obxectivo destas axudas do Executivo galego é avanzar no obxectivo de dotar as zonas urbanas de espazos e pulmóns verdes como parques, xardíns, fontes ou áreas recreativas tendo en conta que se estima que nas áreas máis poboadas se xeran entre un 40 % e un 70 % de todas as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI). A existencia desas contornas verdes repercute na redución das emisións á atmosfera e na mellora da calidade de vida da cidadanía polos beneficios que reportan para a saúde e pola sociabilidade, ao ser tamén un espazo de encontro e lecer colectivo.

Proxecto piloto

Por iso, a Administración galega está a desenvolver outras accións na mesma liña, como a colaboración co Concello de Ourense para o deseño e execución dun proxecto piloto de refuxio climático na cidade ao que se destinará un investimento total de 450.000 euros. Neste caso o Executivo autonómico achega todo o financiamento e o Goberno local axudará na elaboración do mapa de illas de calor e de refuxios climáticos na cidade, así como na creación de proxecto piloto de refuxio climático.

Nesta iniciativa tamén participa a Universidade de Vigo, pois, ao abeiro dun convenio de colaboración suscrito coa Xunta, encargárase do deseño do mapa de illas de calor e refuxios climáticos existentes no municipio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Non obstante, aínda que a capital ourensá será a primeira cidade na que se recorra á plantación de árbores e a outras solucións baseadas na natureza para combater os efectos do quecemento global, os resultados desta iniciativa trasladaranse despois ao resto de concellos galegos de máis de 20.000 habitantes para que poidan avalialos e replicar o modelo ou adoptar solucións semellantes.

Todas estas accións municipais para facer fronte ao cambio climático contribuirán ademais a reforzar a Rede local polo clima, unha iniciativa que naceu en 2024 para coordinar as actuacións cos concellos e aproveitar sinerxías neste eido. De feito, todos estes son elementos básicos para consolidar a posición de Galicia como a comunidade española máis resiliente a este fenómeno -logrou reducir as súas emisións netas un 59,8 % desde 1990, ano de referencia a nivel mundial para as políticas climáticas- e contribuír ao obxectivo de acadar a neutralidade climática en 2040.

Estratexia de infraestrutura verde

O Pacto Verde Europeo recolle o compromiso da Comisión Europea de responder aos desafíos do cambio climático e á perda de biodiversidade a través dun paquete de iniciativas cuxo obxectivo é alcanzar a neutralidade climática. Unha delas é a Estratexia da UE sobre Biodiversidade para 2030, coa que se busca protexer a natureza e reverter a degradación dos ecosistemas mediante a asunción dunha serie de compromisos.

Entre eles figura o de definir unha Rede Transeuropea de Espazos Naturais coherente e resiliente, a creación de corredores ecolóxicos e o fomento da chamada infraestrutura verde, entendida como unha rede coherente e ben deseñada de espazos naturais para frear a perda dos ecosistemas urbanos mediante solucións baseadas na natureza e integradas na planificación urbanística.

Neste sentido, as axudas avaliadas hoxe polo Consello da Xunta enmárcase na Estratexia de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas aprobada polo Goberno autonómico o pasado mes de outubro e que converteu a Galicia na primeira comunidade española en dotarse dunha ferramenta propia deste tipo.

O seu principal obxectivo é crear unha rede territorial continua entre aqueles espazos de maior valor ambiental, paisaxístico e cultural mediante unha planificación que permita conservar a biodiversidade e garantir o bo estado dos ecosistemas polos beneficios que achegan á sociedade e á sostibilidade do planeta. Todo prestando unha atención especial ao papel das cidades e das contornas urbanas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA ESTE ANO O SEU APOIO ECONÓMICO ÁS FAMILIAS ACOLLEDORAS CO INCREMENTO DAS AXUDAS QUE PERCIBEN A PARTIR DO MES DE MAIO

- Esta suba suporá un investimento adicional de máis de 900.000 € e ten como obxectivo potenciar o acollemento e mellorar as condicións dos beneficiarios
- Rueda resalta que a axuda para as familias que acollan menores de entre 3 e 18 anos ascenderá ata os 425€ mensuais, unha contía que desde 2022 se incrementou nun 52 %
- Tamén subirá ata os 425 € as achegas para os fogares que acollan rapaces de entre 1 e 3 anos
- As que acollan a menores dun ano recibirán 600 €
- O presidente salienta que "Galicia é a segunda comunidade con mellores rateos de acollemento", co 60 % dos nenos e adolescentes do sistema de protección convivindo en familias

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Executivo autonómico vai incrementar "a partir do vindeiro 1 de maio" as axudas que "perciben mensualmente as familias acolledoras" da comunidade galega. Isto supón un investimento adicional da Xunta de máis de 900.000 €.

Rueda lembrou que "Galicia xa é a segunda comunidade con mellores rateos de acollemento familiar" xa que máis do 60% dos menores no sistema de protección viven con familias de xeito temporal, fronte ao 40% que residen en recursos residenciais. Pero instou a seguir traballando para incrementar o número de familias dispostas a acoller a estes rapaces.

Con esta suba, o presidente explicou que aquelas familias que acollan nenos de entre 3 a 18 anos "verán incrementadas as axudas en 75€ mensuais, polo que a achega será de 425€". Con este incremento, desde 2022 estas familias viron incrementado o apoio económico da Xunta nun 52%. No caso, das familias con nenos de entre un e tres anos a suba "será de 25 € ao mes, polo que tamén percibirán 425€ ao mes". Por último, "mantense en 600€ a achega destinada a unidades acolledoras de bebés menores de un ano".

Esta medida enmárcase no obxectivo da Xunta de seguir potenciando o acollemento en familia para garantir que os nenos e nenas medren nun fogar. Por iso, nos últimos anos o Goberno galego impulsou medidas como a ampliación da dedución fiscal, a redución de prezos en actividades como campamentos ou a consideración dos nenos en acollida á hora de obter o título de familia numerosa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PORÁ EN MARCHA UN LABORATORIO E CENTRO DEMOSTRADOR EN CIBERSEGURIDADE NO FUTURO EDIFICIO DO CECIGA EN OURENSE

- O Consello de Goberno avaliou hoxe o informe presentado pola Consellería de Facenda e Administración Pública para dotar de equipamento e servizos a este espazo
- Entre as funcións do laboratorio están a prestación de servizos avanzados en ciberseguridade, apoiar o cumprimento normativo, realizar probas de produtos e servizos, impulsar a creación de solucións innovadoras e a formación especializada
- Actuará como coordinador da rede de laboratorios sectoriais impulsados pola Xunta en colaboración co Instituto Tecnolóxico de Galicia, a Universidade de Vigo, o Centro Tecnolóxico de Automoción e o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións
- Esta rede enmárcase no proxecto RETECH no que participan Galicia, Cataluña e a Comunidade Valenciana para crear un Centro transrexional de Innovación e Competencia no ámbito da ciberseguridade

O Consello do Goberno galego avaliou hoxe o informe presentado pola Consellería de Facenda e Administración Pública para dotar de equipamento e servizos ao laboratorio e centro demostrador en ciberseguridade do Centro de Excelencia en Ciberseguridade (CECIGA) en Ourense. Os obxectivos principais deste laboratorio son a prestación de servizos avanzados en ciberseguridade, apoiar o cumprimento normativo, realizar validacións de ciberseguridade de produtos e servizos, potenciar o desenvolvemento de solucións innovadoras e formar a profesionais en temas de seguridade dixital.

O contrato, que se licitará nos vindeiros días, permitirá que o laboratorio conte con dous espazos especializados. O primeiro estará destinado á implantación dun laboratorio e centro demostrador de ciberseguridade no ámbito dos produtos con elementos dixitais cunha carteira de servizos específica, e o segundo, albergará un laboratorio e centro demostrador especializado na ciberseguridade industrial coa súa propia carteira de servizos.

Con esta nova infraestrutura Galicia dará un novo paso na loita contra a ciberdelincuencia. En 2023 foron máis de 21.000 os ciberataques denunciados na Comunidade.

O laboratorio, que se instalará inicialmente na Cidade da Cultura mentres remata a construción do CECIGA, actuará tamén como coordinador da rede de laboratorios sectoriais e centros demostradores sobre ciberseguridade en aspectos relacionados co transporte intelixente, co espazo aéreo de vehículos non tripulados, e coas tecnoloxías 5G e 6G, na que participan o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), a Universidade de Vigo (UVigo), o Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) e o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient).

O ITG vai encargarse do deseño e fabricación dun laboratorio móbil avanzado para auditorías de ciberseguridade do espazo aéreo de vehículos non tripulados (UAS) e do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desenvolvemento de software para a detección de ciberameazas, caracterización e auditoría de ciberseguridade do espazo aéreo próximo e para simulación de ameazas.

A Universidade de Vigo creará un laboratorio de seguridade, privacidade e confianza en 5G/6G, con diferentes iniciativas no ámbito da ciberseguridade nas comunicacións necesarias no transporte intelixente.

O CTAG porá en marcha un laboratorio centrado na ciberseguridade no ámbito da automoción, despregando as capacidades necesarias para a súa validación no vehículo autónomo e conectado.

Gradiant abordará a creación dun laboratorio especializado en validar os diferentes compoñentes dunha rede 5G e avaliará aspectos de ciberseguridade asociados a aplicacións e servizos no ámbito do transporte intelixente. Abordará tamén a posta en marcha dun laboratorio de ciberseguridade industrial.

Esta rede de laboratorios forma parte do proxecto para a creación dun centro transrexional de innovación e competencia no ámbito da ciberseguridade, no que, ademais de Galicia, participan Cataluña e a Comunidade Valenciana. Trátase dunha das iniciativas do Programa de Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica (Retech). Este proxecto Retech en materia de ciberseguridade ten un orzamento de 58 millóns de euros, dos que cerca de 19 millóns corresponden a Galicia. Está financiado nun 75% a través do Retech e o 25% restante é aportado polas CC AA.

RETECH é unha iniciativa lanzada con financiamento de fondos europeos Next Generation EU.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 13 M€ Á INSPECCIÓN E CONSERVACIÓN DE ESTRUTURAS E OBRAS DE PASO DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS NOS VINDEIROS 4 ANOS

- O programa inclúe dous contratos: o primeiro, cun orzamento de máis de 4,8M€, céntrase na inspección das estradas e na redacción de proxectos; e o segundo, cun investimento de máis de 8,3M€, consiste na execución das actuacións proxectadas
- Estes contratos danlle continuidade e amplían as funcións do levado a cabo entre 2019 e 2024, que permitiu a realización de 1.634 inspeccións
- O obxectivo é preservar a seguridade dos usuarios das infraestruturas viarias e alongar a vida útil destas mediante actuacións de conservación preventiva
- O ámbito das inspeccións son pontes, viadutos, pontóns, sumidoiros, pasarelas e pasos inferiores peonís que formen parte de estradas autonómicas
- A partir das inspeccións, a Xunta realiza reparacións inmediatas ou redacta os proxectos e licita as obras necesarias no caso de intervencións de maior envergadura
- Entre os traballos que se van executar, destacan a substitución de barreiras, xuntas de dilatación, reparacións dos sistemas de drenaxes, limpeza de paramentos ou selaxes de fisuras

A Xunta destina un investimento de máis de 13M€ á inspección e conservación de estruturas e obras de paso das estradas autonómicas nos vindeiros 4 anos. O Consello da Xunta abordou hoxe o informe sobre a licitación dos contratos de inspección, redacción de proxectos e execución destas intervencións na rede viaria.

O novo programa de conservación inclúe dous contratos: o primeiro, cun orzamento de máis de 4,8M€, céntrase na inspección das estradas e na redacción de proxectos; e o segundo, cun investimento de máis de 8,3M€, consiste na execución das actuacións proxectadas.

Os contratos, que se desenvolverán nos próximos 4 anos, poden ser prorrogados por un ano máis, sumando, polo tanto, 5 anos. O primeiro deles xa foi licitado este mes e o segundo será contratado no mes de maio.

Estes contratos danlle continuidade ao levado a cabo entre 2019 e 2024, que permitiu a realización de 1.634 inspeccións principais. Os novos programas permitirán ampliar os obxectivos dos anteriores, pois, ademais de inspeccións principais, inclúen xa a realización de inspeccións especiais e a redacción de proxectos.

O obxectivo desta iniciativa é preservar a seguridade dos usuarios das infraestruturas viarias e alongar a vida útil destas mediante actuacións de conservación preventiva.

Novo contrato de inspección

Por unha parte, un dos novos contratos ten por obxecto a realización de inventarios, inspeccións, proxectos, memorias técnicas e informes de conservación das obras de paso da rede de estradas da Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O ámbito de inspección son todas as obras de paso iguais ou superiores aos 3 metros, é dicir, pontes, viadutos, pontóns, sumidoiros, pasarelas e pasos inferiores peonís que formen parte de estradas autonómicas.

Este plan abrangue, en primeiro lugar, as inspeccións rutineiras realizadas polo Servizo de Conservación da Axencia Galega de Infraestruturas. Estas tarefas de control lévanse a cabo unha vez ao ano ou cada dous anos.

Ademais, o contrato considera inspeccións especiais, que se realizan con medios auxiliares para caracterizar a estrutura, tanto desde o punto de vista xeométrico como resistente. Neste sentido, adoitan incluír inspeccións subacuáticas, topografía, sondaxes ou ensaios de caracterización resistente.

A partir destas campañas de inspeccións a Xunta realiza actuacións de reparación inmediatas ou estudos especiais que permitan avaliar con maior claridade as distintas intervencións necesarias.

Para as actuacións que o precisen, redactaranse proxectos de construción destinados á súa execución polos medios da conservación de estradas, ou ben para a licitación de obras se a súa envergadura o fai necesario.

Novo contrato de conservación de obras de paso

Por outra parte, o segundo dos contratos que hoxe tratou o Consello da Xunta supón a novidade con respecto aos levados a cabo anteriormente. Este programa propón a realización específica de actuacións de conservación nas obras de paso.

Executaranse actuacións derivadas das inspeccións, dun modo áxil e inmediato, o que contribuirá a sistematizar a conservación preventiva das obras de paso e a aumentar a súa vida útil.

Para as intervencións de maior envergadura, redactaranse proxectos e licitaranse as obras previstas.

Os traballos máis convencionais consisten, entre outros, na substitución ou recolocación de aparellos de apoio, de barreiras e impostas ou de xuntas de dilatación. Tamén se procede ás reparacións dos sistemas de drenaxes, á limpeza de paramentos ou ao saneo e selaxe de fisuras e gretas.

A continuación, imaxes de diversas actuacións de inspección acometidas en campañas anteriores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Inspección con dron na ponte da Barca, en Pontevedra



Inspección nas estruturas da autovía do Salnés



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rehabilitación da ponte de Castrelo de Miño



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA VACINOU MÁIS DE 800.000 GALEGOS FRONTE Á GRIPE DURANTE A CAMPAÑA DE INMUNIZACIÓN DO ANO 2024

- Destaca a cobertura antigripal dos nenos e nenas de entre 6 e 59 meses, que se achegou ao 66 %, mellorando en 10 puntos porcentuais os resultados da campaña anterior, logo da incorporación da vacina intranasal que evita o pinchazo
- O 80,79 % das persoas con 80 ou máis anos decidiron inmunizarse fronte á gripe
- Preto de 75.000 galegos participaron no estudo GALFLU para medir a efectividade da vacina de alta carga da gripe na poboación de 65 a 79 anos, fronte ás 59.000 persoas que o fixeran na campaña anterior
- Esta vacina aplicárase de forma xeneralizada a toda a poboación a partir dos 70 anos na vindeira campaña
- A Consellería de Sanidade inmunizou fronte á Covid-19 un total de 556.441 galegos
- Galicia segue a liderar os datos de cobertura de vacinación fronte á Covid-19, cunhas cifras que superan en 20 puntos a media española en todas as franxas de idade

A Consellería de Sanidade elevou esta mañá ao Consello da Xunta un informe sobre o balance final da campaña de vacinación fronte á gripe e a Covid-19 correspondente ao ano 2024. O informe elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública recolle que un total de 800.155 persoas foron protexidas fronte ao virus da gripe e 556.441 foron inmunizadas fronte á Covid-19.

Co obxectivo protexer a poboación galega dos efectos do virus da gripe e da Covid-19, o Executivo galego deseñou unha nova campaña de vacinación que se mantivo activa desde o 23 de setembro ata o 31 de xaneiro de 2025. Inicialmente, a campaña de inmunización estaba prevista ata o 31 de decembro, pero, por mor da circulación sostida do virus na comunidade, decidiuse ampliar un mes máis, ata o 31 de xaneiro.

Así, tal e como recolle o informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta, segundo os resultados recollidos polo Centro Galego para o Control e Prevención de Enfermidades (CEGACE), nesta última campaña de inmunización destaca o éxito de vacinación fronte á gripe dos nenos e nenas galegos, cun importante ascenso na cobertura dos menores con idades comprendidas entre os 6 e os 59 meses.

A estratexia de vacinación empregada —citación e notificación intensiva vía SMS—, xunto co uso da vía de administración intranasal nos menores de 24 a 59 meses, evitando o pinchazo, favoreceu estes datos.

Neste tramo de idade, a campaña de vacinación acadou unha porcentaxe de cobertura do 65,78 %. Isto supón máis de cinco puntos por enriba do obxectivo establecido (60 %) e mellorar en 10 puntos os resultados da campaña anterior (2023).

Por áreas sanitarias, a de Santiago e Barbanza é a que rexistrou mellor resultado de vacinación no grupo infantil, cun 72,53 % de cobertura vacinal; seguida da área de Ferrol, cun 68,64 %; a da Coruña e Cee, cun 66,86 %; da de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, cun 65,01 %; da de Vigo, cun 63,36 %; da de Pontevedra e O Salnés, cun 61,73 %; e da de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, cun 61,46 %.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No referido á vacinación da gripe da poboación adulta, a Consellería de Sanidade vacinou o 71,03 % da poboación diana con 65 ou máis anos, unha taxa moi próxima ao 75 % que se fixou como obxectivo que pretende acadar.

Pola súa banda, no que atinxe ás persoas con 80 ou máis anos, o departamento sanitario da Xunta superou o obxectivo de vacinación da gripe neste tramo de idade ao acadar o 80,79 % inmunicacións.

A inmunicación das mulleres embarazadas superou o 40,5 % e, no que respecta á inmunicación do persoal sanitario, a súa cobertura aproximouse ao 54 %, rexistrando unha taxa do 53,80 %.

Máis polo miúdo, e respecto das categorías que integran este último colectivo profesional, o persoal médico acadou unha porcentaxe de vacinación do 58,49 %. No caso dos profesionais de enfermería, a cobertura situouse no 50,07 %. Así mesmo, e atendendo aos dous niveis asistenciais da sanidade galega, o 58,97 % dos profesionais da atención primaria decidiron vacinarse fronte á gripe, mentres que, no caso dos centros hospitalarios, a inmunicación acadou o 51,66 %.

Na campaña de vacinación da gripe 2024 continuouse coa realización do Estudo GALFLU, un ensaio clínico pragmático que a Xunta está a implementar para medir a efectividade da vacina de alta carga fronte ás hospitalizacións por complicacións de gripe na poboación de 65 a 79 anos, en comparación coa efectividade da vacina tetravalente convencional. Así, no último exercicio preto de 75.000 galegos aceptaron participar neste estudo, fronte ás 59.000 persoas que o fixeran na campaña anterior.

Esa vacina de alta carga fronte á gripe aplicárase de forma xeneralizada a todos os cidadáns a partir dos 70 anos na vindeira campaña.

As coberturas acadadas nesta campaña de inmunicación implican un impacto positivo no conxunto da saúde da cidadanía galega, xa que a protección fronte a unha enfermidade tan prevalente como a gripe permite reducir o número de complicacións, de ingresos e de mortes asociadas a este virus.

Vacinación fronte á Covid-19

Por segundo ano consecutivo, a Consellería de Sanidade desenvolveu conxuntamente as campañas de vacinación antigripal e a inmunicación fronte o virus Sars-cov-2, ao estar dirixidas en gran medida aos mesmos grupos de poboación.

Sobre este particular, o número total de doses administradas fronte á Covid-19 acadou a cifra de 556.441 vacinas durante a campaña do 2024.

A cobertura de vacinación das persoas con 60 ou máis anos rexistrou unha taxa de adherencia do 54,52 %, unha porcentaxe que se vai incrementado segundo se acouta e amplía a idade da poboación diana. A poboación con 65 e máis anos achegouse ao 60 % de cobertura (co 59,61 %) e a poboación diana con 80 ou máis anos acadou o 71,39 % de inmunicación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desagregado por áreas sanitarias, na vacinación fronte á Covid-19 -grupo etario de 80 e máis anos- destaca a área da Coruña e Cee ao rexistrar o 79,05 % de poboación inmunizada; seguida da área sanitaria de Ferrol, co 75,98 %; da área sanitaria de Santiago e Barbanza, co 74,43 %; da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras co 71,43 %; da área de Pontevedra e O Salnés, co 67,14 %; da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, co 65,9 %; e da área sanidade de Vigo, co 65,03 %.

A Xunta agradece a colaboración e a participación da poboación galega nesta campaña de vacinación.

Así, Galicia segue a liderar a nivel nacional os datos de cobertura de vacinación fronte á Covid-19, superando en 20 puntos porcentuais a media nacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA ADQUISICIÓN DO EQUIPAMENTO INICIAL DO HOSPITAL NOVO MONTECELO DE PONTEVEDRA, CUN INVESTIMENTO TOTAL DE 30 M€

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre a situación na que se atopan os procedementos para a dotación necesaria para a posta en marcha do novo hospital
- Catro dos expedientes de adquisición de equipos, que suman un investimento de case 11,5 millóns de euros, atópanse nun estado avanzado de desenvolvemento
- O Executivo autonómico está adquirindo o mellor equipamento e alta tecnoloxía do mercado sanitario co obxectivo de optimizar a calidade asistencial á poboación da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés
- A dotación de novo equipamento permitirá ampliar a carteira de servizos do hospital pontevedrés, que contará con novos servizos de oncoloxía radioterápica e de medicina nuclear
- Incorporarase a automatización na dispensación de medicamentos, que optimizará a distribución de fármacos e incrementará a seguridade dos pacientes
- Tamén se dotará de sistemas de control da xestión da imaxe en quirófano con integración completa, que mellorará as prestacións sanitarias dos seus usuarios

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre a situación actual na que se atopan os procedementos de contratación para a dotación na fase inicial dos equipamentos do Hospital Novo Montecelo de Pontevedra que supoñen un investimento da Xunta de 30 millóns de euros.

O Executivo galego consignou unha partida de 30 millóns de euros para adquirir o novo equipamento electromédico, alta tecnoloxía e mobiliario clínico para garantir a calidade e as prestacións asistenciais ao conxunto da poboación da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

Na actualidade, catro dos expedientes de adquisición de equipos para o hospital de referencia de Pontevedra, que suman un investimento de case 11,5 millóns de euros, atópanse nun estado avanzado de desenvolvemento.

Entre eles, destaca a subministración de ecógrafos con destino a diversos servizos deste centro hospitalario. O contrato foi licitado por importe de 5.023.315 euros. Nestes momentos está en fase de realización de probas de uso e elaboración de informes técnicos.

Así mesmo, a Xunta xa adxudicou a subministración e instalación do equipamento integral da central de esterilización do Novo Montecelo. Este contrato foi licitado por importe de 2.312.273 euros.

Do mesmo xeito, tamén se encontra en fase de adxudicación a compra do equipamento suspendido para este centro hospitalario, que suporá un investimento de 1,8 millóns de euros; e a dotación de sistemas de monitorización de pacientes atópase neste intre en fase de elaboración de informe técnicos, tras ser licitado por importe de 2.268.447 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nestes primeiros meses de 2025 estanse a tramitar o resto de licitacións previstas no marco do Plan inicial de dotación de equipamento para o Novo Montecelo, que conta arestora con dous procedementos en fase de presentación de ofertas.

En concreto, trátase do contrato para a subministración dun quirófano híbrido para o seu bloque cirúrxico -cun orzamento de licitación de 1.754.500 euros-; e para a adquisición de equipamento electromédico para diversos servizos do hospital, cuxo importe de licitación ascende a 740.120 euros.

Así mesmo, a Xunta destinará un montante de 5.347.548 euros para a compra do mobiliario de hospitalización (camas convencionais e de críticos, sillóns de pacientes e sistemas automatizados de dispensación de medicación) e outros 3.455.878 euros para a adquisición integral dos equipos de cociña deste centro hospitalario. En ambos os casos os pregos xa están redactados para proceder en próximas datas á súa licitación.

Máis equipamento, máis servizos asistenciais

O informe trasladado esta mañá pola Consellería de Sanidade ao Consello da Xunta tamén inclúe unha serie de expedientes que nestes momentos se atopan en fase de elaboración de pregos e cuxo importe conxunto supera os 7,5 millóns de euros.

Máis polo miúdo, este investimento destinarase á dotación de equipos de alta tecnoloxía con destino ao servizo de urxencias do Novo Montecelo (1.110.000 euros); á subministración dos sistemas de control e xestión da imaxe en quirófano (1.612.000 euros); á compra de equipos radiofísicos para os servizos de radioterapia e medicina nuclear (1.123.225 euros); á dotación de mobiliario clínico con destino aos laboratorios do centro hospitalario (1.670.000 euros); á adquisición de arcos cirúrxicos e equipos portátiles de raios (1.071.000 euros); ou para os sistemas de robotización e almacenamento dos servizos de farmacia hospitalaria (980.100 euros).

Todos os equipos que está a licitar a Xunta para o Novo Montecelo incorporan a tecnoloxía sanitaria máis avanzada do mercado co obxectivo de ofrecer a maior calidade posible na prestación dos servizos sanitarios.

Neste sentido, a súa adquisición posibilitará a posta en marcha de novos servizos asistenciais, como é o caso do servizo de oncoloxía radioterápica, o servizo de medicina nuclear ou a dotación de imaxe radiolóxica no seu novo servizo de Urxencias.

Ademais, o hospital pontevedrés incorporará melloras como a automatización na dispensación de medicamentos, o que optimizará a distribución de fármacos na hospitalización e aumentará a seguridade dos pacientes.

Tamén se dotará de sistemas de control da xestión da imaxe en quirófano con integración completa, o que permitirá tanto o control do equipamento médico dentro do quirófano, como a xestión de vídeo e a integración cos sistemas de información, co que se garantirá e incrementará a seguridade dos datos clínicos do paciente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ A CONTRATACIÓN DE 840 PERSOAS DESEMPREGADAS EN PRETO DE 300 ENTIDADES LOCAIS CO INVESTIMENTO DE 14,2M€ NUN APROL RURAL RENOVADO

- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a nova edición desta liña de achegas, que vén de fusionarse cos apoios á contratación de persoas perceptoras da Risga, duplicando deste xeito o orzamento do programa
- Con este novo modelo, as entidades locais beneficiadas verán aumentados os recursos de persoal que lles corresponden a través desta liña, podendo reforzar aínda máis os seus equipos de limpeza e prevención contra os incendios
- Por primeira vez, as persoas contratadas poderán formarse dentro do programa no manexo de maquinaria profesional como o tractor con rozadoira, o que permitirá dar resposta á alta demanda de profesionais neste eido e facilitará a súa inserción laboral
- A orde de 2025 está dirixida a concellos de menos de 50.000 habitantes —antes só concellos rurais— e, como novidade, tamén a mancomunidades e consorcios locais exclusivamente de concellos
- Con 43M€ investidos e preto de 3.000 persoas beneficiadas ata 2024, Aprol consolídase tamén como unha ferramenta moi eficaz para impulsar a empregabilidade das persoas sen traballo e fixar poboación

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre o programa de achegas Aprol Rural 2025, dotado con máis de 14,2 millóns de euros e que na presente edición, tras pechar o prazo de solicitudes, prevé beneficiar un total de 299 entidades locais de Galicia —entre municipios, mancomunidades e consorcios de concellos— para a contratación de arredor de 840 persoas desempregadas en tarefas relacionadas, principalmente, coa prevención de incendios forestais.

Cómpre sinalar que este ano, como principal novidade, a convocatoria se fusionou cos apoios á contratación de persoas perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (Risga), duplicando deste xeito o orzamento do programa. Con este novo modelo, ademais de avanzar na simplificación administrativa, os concellos con maior risco de incendios verán aumentados os recursos de persoal que lles corresponden a través desta liña autonómica, cos que poderán reforzar aínda máis os seus equipos de limpeza e prevención contra os lumes.

Isto permitirá consolidar o impacto desta achega —que leva investidos 43 millóns de euros con preto de 3.000 persoas beneficiadas nas seis edicións desenvolvidas ata 2024— como unha das ferramentas máis eficaces para ofrecer unha resposta integral a un dobre reto: por unha banda, impulsar a empregabilidade das persoas sen traballo e con maiores dificultades de inserción laboral e, pola outra, apoiar as entidades locais en tarefas como a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes ou a xestión da biomasa, contribuindo en paralelo á fixación de poboación.

Impulso da capacitación profesional

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A orde de 2025 –que se resolverá previsiblemente no mes de maio tras pechar o prazo de solicitudes o pasado 14 de abril– está dirixida a concellos de menos de 50.000 habitantes –antes só concellos rurais– e, como novidade, tamén a mancomunidades e consorcios locais exclusivamente de concellos.

Dentro desta dobre aposta por fomentar a empregabilidade e apoiar as entidades locais en tarefas preventivas, o Aprox Rural 2025 ofrecerá por primeira vez a posibilidade de desenvolver accións formativas para as persoas contratadas ao abeiro deste programa con, entre outros, módulos específicos de manexo de maquinaria como o tractor con rozadoira. Estas novidosas actuacións permitirán dar resposta á alta demanda de profesionais cualificados neste ámbito –atendendo ás dificultades que atopan os propios concellos para incorporar estes perfís– e contribuír a incrementar as oportunidades de inserción laboral dos participantes, que a través destas mesmas accións tamén poderán formarse en cuestións chave como a prevención de riscos laborais.

As persoas participantes deben ser desempregadas e figurar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia. A duración dos contratos é de 9 meses a xornada completa e os apoios ás entidades beneficiarias incluírán a contía de todos os custos salariais por cada persoa contratada, segundo o convenio colectivo vixente.

Fomento do emprego en colaboración coas entidades locais

Xunto con Aprox Rural, a Xunta ten en marcha outras iniciativas para promover accións de fomento de emprego en colaboración cos concellos. Entre elas, salientan os obradoiros duais de emprego –cun investimento nesta convocatoria 2024-2025 de máis de 36 millóns de euros– nos que as persoas traballadoras desempregadas participantes nas preto de 90 accións en toda Galicia reciben cualificación profesional ao mesmo tempo que desenvolven un traballo produtivo en actividades de utilidade pública ou de interese social para as súas contornas.

Ademais, as entidades locais tamén poden acceder aos programas integrados de emprego, que contan cun orzamento na última edición de preto de 12 millóns de euros, co que se prevé que se poñan en marcha uns 58 programas integrados de emprego (PIE) por un período de 12 meses co obxecto de beneficiar unhas 5.800 persoas desempregadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRESENTA A PROPOSTA DE CALENDARIO LABORAL PARA 2026 INCLUÍNDO COMO FESTIVOS PROPIOS O 19 DE MARZO, O 24 DE XUÑO E O 25 DE XULLO

- A normativa estatal fixa 14 festivos: 12 marcados polo Estado e dous elixidos polos concellos
- Dos doce festivos de ámbito nacional, nove son obrigatorios e só poden ser substituídos cando coincidan en domingo, ben polo luns seguinte ou ben por outro día que lle sexa de interese á Comunidade Autónoma
- Rueda destaca que en 2026 coinciden a domingo o 1 de novembro (Festa de Todos os Santos) e o 6 de decembro (Día da Constitución)
- Galicia propón cambiar estes festivos polo día 19 de marzo (San Xosé) e 24 de xuño (San Xoán), tendo en conta que o 17 de maio “tamén coincide a domingo”
- Dos tres días festivos de carácter opcional, é dicir, que se poden substituír (Día de Reis, Xoves Santo, e San Xosé ou Día Nacional de Galicia), a Comunidade galega sempre opta polo 25 de xullo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que a proposta do Executivo autonómico para o calendario laboral de Galicia no 2026 inclúe “como festivos propios de Galicia os días de San Xosé (19 de marzo), o día de San Xoán (24 de xuño) e o Día Nacional de Galicia (25 de xullo)”.

Tal e como explicou o titular do Goberno galego, a normativa estatal, fixada polo Real Decreto 2001/1983, establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Destes 14 festivos, dous son elixidos por cada concello.

Dos outros 12 restantes, “nove son obrigatorios e non substituíbles a non ser que coincidan en domingo”: 1 de xaneiro, Venres Santo (3 de abril en 2026), 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro. No ano 2026 hai dous festivos nacionais de carácter obrigatorio que coinciden en domingo: o 1 de novembro (Festa de Todos os Santos) e o 6 de decembro (Día da Constitución) que Galicia propón substituír polo 19 de marzo (San Xosé) e o 24 de xuño (San Xoán), tendo en conta que o 17 de maio (Día das Letras Galegas) “tamén cae en domingo”.

Os outros tres festivos de carácter nacional son opcionais, é dicir, poden ser substituídos polas comunidades autónomas: o 6 de xaneiro, que en Galicia nunca se cambia, agás que coincida en domingo; o Xoves Santo (que en 2026 se celebrará o 2 de abril), que na Comunidade galega non se modifica de xeito tradicional; e dáselle a opción ás comunidades de escoller como opcional entre o 19 de marzo e o 25 de xullo. A Xunta sempre elixe o 25 de xullo, xa que é o Día Nacional de Galicia, tal e como quedou establecido polo Decreto 8/1978, do 10 de xullo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, as festas do calendario laboral para Galicia no 2026 que se determinan son: Aninovo (1 de xaneiro), Epifanía do Señor (Día de Reis - 6 de xaneiro), Día de San Xosé (19 de marzo), Xoves Santo (2 de abril), Venres Santo (3 de abril), Festa do Traballo (1 de maio), Día de San Xoán (24 de xuño), Día Nacional de Galicia (25 de xullo), Asunción da Virxe (15 de agosto), Festa Nacional de España (12 de outubro), Inmaculada Concepción (8 de decembro) e Natividade do Señor (25 de decembro). Ademais destes días, cada concello determina dúas xornadas festivas como propias da súa localidade.

Rueda explicou que o seguinte paso nesta proposta é a tramitación do proxecto de decreto que debe levarse ao Consello Galego de Relacións Laborais para regresar despois de novo ao Consello da Xunta e finalmente publicarse no Diario Oficial de Galicia (DOG).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O SELO DE ARTESANÍA ALIMENTARIA COA APROBACIÓN DUNHA DUCIA DE NOVAS NORMAS TÉCNICAS

- Nelas inclúense a manteiga, o vermú, o vinagre de viño e de sidra, os licores, augardentes e outras bebidas espirituosas, os zumes ou o hidromel; así como o pan, as empanadas, as fariñas, as comidas preparadas, as conservas ou os derivados da helicultura
- Mañá publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a orde que recolle estas normas técnicas ás que poderán adherirse as empresas artesás
- O selo de Artesanía Alimentaria contribúe á defensa do bo facer dos artesáns tradicionais e facilita a relación entre este tipo de produtores e os consumidores
- Os operadores amparados por esta figura teñen unha presenza moi destacada no territorio do rural, polo que teñen unha grande importancia no impulso das economías locais ao desenvolver actividades de elaboración de alimentos baseados en materias primas da zona

O Consello da Xunta tomou hoxe razón dun informe da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dependente da Consellería do Medio Rural, polo que se aproban unha ducia de novas normas técnicas dentro do selo Artesanía Alimentaria. A súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* está prevista para mañá, día 22 de abril.

No referido ás normas técnicas, cómpre lembrar que recollen os requisitos que debe respectar un produto para poder ser considerado artesán. As 12 novas normas que se sumarán ao repertorio de actividades reguladas para a Artesanía Alimentaria inclúen elaboracións como a manteiga, o vermú, os vinagres de viño e de sidra, os licores, augardentes e outras bebidas espirituosas; así como os zumes e o hidromel. Por outra banda, poderán contar tamén con este selo produtos como o pan, as empanadas, as fariñas e as comidas preparadas; así como as conservas e os derivados da helicultura - referida aos caracois comestibles-.

Ademais, cómpre engadir que a Axencia Galega da Calidade Alimentaria colaborou coa Consellería do Mar na preparación dun borrador de norma técnica relativa ás conservas de peixe e mariscos, que lle compete aprobar ao citado departamento autonómico.

O selo de Artesanía Alimentaria é recoñecido polas empresas que elaboran estes produtos como unha importante vantaxe competitiva, e pode servir para mitigar a competencia desleal que lles realizan outras empresas operadoras que producen a grande escala e que publicitan os seus produtos como artesáns. A regulación tamén está a servir para facilitar ás persoas consumidoras a súa elección de compra, cando o que buscan son produtos elaborados realmente conforme métodos artesanais.

Estas empresas distribúense por toda a xeografía de Galicia e teñen unha presenza moi importante no territorio do rural, polo que teñen unha grande importancia no impulso das economías locais, xa que desenvolven actividades de elaboración de alimentos con base en materias primas destas zonas. En total son preto de 200 as persoas coa condición de artesás e 124 as empresas inscritas neste selo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, hoxe están vixentes as normas técnicas do queixo, o iogur, o queixo e os xeados (dentro dos derivados lácteos), a dos derivados cárnicos (embutidos, salgados, afumados, adubados, conservas cárnicas e patés), a da sidra e a da cervexa. Tamén as das conservas vexetais (incluíndo as marmeladas), as dos produtos desecados de orixe vexetal, a do mel, a dos produtos de confeitaría, pastelería, bolaría e repostería, a do chocolate e derivados do cacao, a dos produtos vexetais para infusión de uso en alimentación e como condimento de uso en alimentación e a do aceite de oliva.

Obxectivos de Artesanía Alimentaria e características dos produtos

A Xunta puxo en marcha o selo Artesanía Alimentaria no 2020 na procura dun sector estruturado e en concordancia cos requisitos establecidos pola Unión Europea, de xeito que Galicia é hoxe unha das comunidades autónomas cunha regulación máis avanzada para este sector produtivo. Esta regulación naceu co fin de protexer o bo facer dos artesáns, defendendo a súa profesión ante etiquetaxes enganosos e co obxectivo final de conservar e preservar as elaboracións de produtos artesanais tradicionais, tan arraigadas á cultura e historia galegas.

Considérase artesanía alimentaria aquela actividade de elaboración, manipulación e transformación de produtos alimentarios, que, ademais de cumprir os requisitos que establece a normativa vixente, están suxeitos a unhas condicións durante todo o seu proceso produtivo que son respectuosas co medio e garanten á persoa consumidora un produto individualizado, seguro dende o punto de vista hixiénico-sanitario, de calidade e con características diferenciadas, resultado da produción en cantidades limitadas controladas pola intervención persoal da artesá ou do artesán.

Para que unha produción poida ser considerada como artesanal debe cumprir unha serie de requisitos. En primeiro lugar, todos os procesos deben ser realizados conforme a práctica do bo facer do artesán, respectando a norma técnica establecida para ese tipo de produto. Por outra banda, co fin de garantir a elaboración tradicional, no caso de que o produto artesán puidese estar incluído no ámbito de protección dunha denominación de orixe protexida ou unha indicación xeográfica protexida, esíxese que o produto estea acollido ao correspondente selo de calidade. Neste sentido, a Artesanía Alimentaria actúa de xeito complementario a eses selos de calidade diferenciada, achegándolle unha maior dimensión a aqueles produtos que contén cos dous indicativos de calidade.

Os produtores deberán empregar sempre materias primas seleccionadas, e só se admitirá o emprego de medios mecánicos para determinadas fases do proceso de elaboración, atendendo sempre a razóns de seguridade alimentaria ou de mellora da calidade ou das condicións laborais. Non se poderán empregar potenciadores do sabor, colorantes, saborizantes artificiais nin graxas trans e o uso doutro tipo de aditivos limitase ao mínimo imprescindible. Tampouco está permitido utilizar produtos semielaborados -agás en casos excepcionais- nin se admiten reetiquetaxes nin o uso de marcas da distribución.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLIARÁ ATA O 15 DE MAIO O PRAZO DE SOLICITUDE DAS AXUDAS DA PAC

- O Consello do Goberno galego tomou razón dun informe da Consellería do Medio Rural sobre esta medida, que se adoptará mediante a próxima publicación no *Diario Oficial de Galicia* da modificación da orde de axudas
- Con esta ampliación, a Xunta alongará o período de tramitación de solicitudes ao prazo máximo que a normativa lle permite, co fin de facilitar a tramitación da solicitude única
- Este ano agárdanse case 24.000 solicitudes únicas de axudas da PAC por parte dos agricultores e agricultoras galegas e a dotación das axudas para esta campaña será de preto de 224 millóns de euros, en total

A Xunta publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a modificación da Orde da Política Agraria Común (PAC) para ampliar o prazo de solicitude ata o vindeiro 15 de maio. Isto faise consonte ao determinado pola normativa vixente, concretamente polo Real decreto 1048/2022, que establece a posibilidade de que as comunidades autónomas poidan ampliar o prazo de presentación da solicitude única da PAC como moi tarde ata o devandito día 15 de maio.

Polo tanto, con esta ampliación, a Consellería do Medio Rural alongará o período de tramitación de solicitudes ao prazo máximo que a normativa lle permite, co fin de facilitar ás entidades tramitadoras da solicitude única o seu labor.

O pasado 5 de marzo publicouse a Orde de axudas da PAC en Galicia. A partir do día seguinte, as entidades tramitadoras de solicitudes comezaron a rexistrar as case 24.000 solicitudes únicas de axudas da PAC que se esperan este ano dos agricultores e agricultoras galegas. A dotación das axudas para esta campaña será de preto de 224 millóns de euros, en total.

Debido a que o proceso de tramitación da PAC se volve cada vez máis complexo, xunto coas complicacións climáticas que causan que os produtores non teñan a certeza de se poderán implantar un cultivo de primavera e máis algunhas incidencias na aplicación informática de captura; a gravación destas solicitudes avanza a un ritmo moi lento en toda España.

O Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) anunciou que non vai ampliar o prazo de presentación de solicitudes, que está establecido regulamentariamente ata o 30 de abril, coa referida posibilidade, por parte das comunidades autónomas, de alongalo ata o 15 de maio.

Polo tanto, vaise modificar o artigo 16 da devandita Orde do 25 de febreiro de 2025 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control, co fin de ampliar o prazo de presentación das solicitudes ata o 15 de maio.

Importancia das axudas da PAC

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As axudas da PAC supoñen unha parte substancial dos orzamentos da UE en consonancia coa súa grande importancia. Son esenciais para o mantemento da actividade agrícola e gandeira, a rendibilidade económica das explotacións e o mantemento de poboación no medio rural.

Unha porción moi importante destas axudas forma parte da denominada solicitude única da PAC, que permite agrupalas para facilitar a súa tramitación aos beneficiarios e ás administracións autonómicas competentes. No caso de Galicia, o organismo encargado da súa xestión é o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), adscrito á Consellería do Medio Rural.

Os pagamentos directos permiten estabilizar a renda das persoas agricultoras e compensalas pola prestación de servizos públicos de valor incalculable como a protección do ambiente, o benestar dos animais e os alimentos seguros e de calidade. As normas europeas son as máis esixentes do mundo dende o punto de vista ambiental, de seguridade alimentaria, de benestar animal etc. Sen os pagamentos directos, as persoas agricultoras europeas non poderían competir coas producións de terceiros países.

Doutra banda, as axudas Feader (Desenvolvemento Rural), tales como os pagamentos a zonas con limitacións naturais e as axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas, compensan as zonas en que exercen a actividade as persoas agricultoras, así como os custos adicionais e as perdas de ingresos derivados dos compromisos ambientais asumidos por enriba do esixido pola lexislación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SACA A CONCORRENCIA COMPETITIVA O POLÍGONO AGROFORESTAL DO CONCELLO OURENSÁN DE CUALEDRO

- Avánzase así na tramitación desta figura desenvolvida ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria, que suporá a mobilización de 64 hectáreas, distribuídas en 72 parcelas de 70 titulares catastrais
- A actividade principal será a gandaría en extensivo e cultivos complementarios á explotación, á que se lle poderá engadir o cultivo agrícola e a plantación de árbores para a obtención de froito
- A publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) está prevista para o luns 28 de abril e haberá un prazo de 15 días hábiles para a presentación de propostas de actuación, entre os días 29 de abril e o 20 de maio

O Consello da Xunta avaliou hoxe o proxecto de acordo polo que se publicará a aprobación e a concorrência competitiva das parcelas do polígono ourensán de Cualedro. Avánzase así na tramitación desta figura desenvolvida ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria, que suporá a mobilización de 64 hectáreas, distribuídas en 72 parcelas de 70 titulares catastrais.

A actividade principal será a gandaría en extensivo e cultivos complementarios á explotación, que prevé o aproveitamento para vacún de carne, gando porcino, ovino e cabrún. Como actividade secundaria determínase a idoneidade da zona para o cultivo agrícola e a plantación de árbores para a obtención de froito.

As persoas interesadas en alugar ou comprar unha parcela deberán cumprir unha serie de requisitos de participación, o que inclúe os criterios de solvencia económica, técnica e profesional e as garantías que deban constituírse para asegurar o mantemento da proposta presentada, así como os criterios de avaliación que permitan seleccionar as mellores propostas presentadas e as obrigas que deban cumprir os participantes e adxudicatarios.

A publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) está prevista para o luns 28 de abril e haberá un prazo de 15 días hábiles para a presentación de propostas de actuación, entre os días 29 de abril e o 20 de maio. As propostas poderán presentarse a través da sede electrónica da Xunta.

Lei de recuperación da terra agraria

No marco da Lei de recuperación da terra agraria, actualmente hai 34 polígonos agroforestais en distintas fases de execución na nosa comunidade, que supoñen a posta en valor de 9.532 hectáreas distribuídas en 31.598 parcelas de 9.220 propietarios.

Esta norma considera unha serie de instrumentos de recuperación e posta en valor da terra, entre eles os polígonos agroforestais. Esta ferramenta voluntaria ten por obxecto a volta á produción de grandes áreas de terra con boa capacidade produtiva que acadaron co paso do tempo estados de abandono ou infrautilización. Farase por iniciativa da Administración ou a solicitude de particulares.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, a través das figuras incluídas nesta lei, como os polígonos agroforestais, as aldeas modelo, as permutas de especial interese agrario ou as agrupacións forestais de xestión conxunta, contribúese á xeración de emprego e dinamización da economía local, ao mesmo tempo que favorece a prevención dos lumes forestais, mellorando a seguridade da poboación e dos bens materiais e inmateriais. Ademais, a estas ferramentas súmanse as reestruturacións e concentracións parcelarias, das cales se axilizarán os procesos, que chegan a máis de 100.000 hectáreas no conxunto de Galicia.